

Encaixamos Val Miñor procura colaboradores para desfile de modas solidario

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 02 Agosto 2015 21:44



Aberto o prazo de inscrición para o desfile benéfico organizado por Encaixamos (Asociación de Persoas con Discapacidade do Val Miñor) para recadar fondos [para unha furgoneta adaptada.](#)

Será o día 15 de agosto no Casino de Sabaris, de 11:30 ata as 22:30 horas.

Necesítanse Á comercios, artesáns e perruqueir@s.que queiran colaborar.

Contato en: encaixamos@gmail.com , ou o teléfono Á 652 792 929

Baixo o lema "Encaixamos todos", o colectivo miñorano traballa arreo na procura de patrocinadores e axudas que permitan adquirir unha furgoneta acondicionada. A mesma beneficiaría a usuarios da bisbarra cuxa mobilidade hoxe depende só de servizos privados, sinalan membros do colectivo. O problema é importante advirten porque moitas persoas e familias non dispoñen de medios económicos suficientes para pagar todos os desprazamentos.